

ONSTOPUS

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº27/ Ano: 2021 / 1ª xornal Mes de abril/ Estado vacinación

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

PRIMEIRO ANIVERSARIO DE ONSTOPUS

Páx. 1

ONS ARQUEOLÓXICA

ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (IV)

Seguimos dando datos sobre a importancia dos xacementos arqueolóxicos submarinos que hai na Illa de Ons e proximidades. Nesta entrega van os dos anos que discorren entre 1900 e 1940, loxicamente, que saibamos; supoño que haberá moitísimos máis dos que, aínda, non temos novas. O importante é mirar a forma de estudalos en profundidade e, a poder ser, mergullalos para ter un fondo fotográfico. **Páx. 1**



OS MAPAS DE RUTAS NOS FOLLETOS E LIBROS SOBRE A ILLA DE ONS (IV)

Rematamos aquí estas interesantes entregas sobre os folletos con mapas con rutas da Illa de Ons. Nel mostramos o mapa que, digamos oficialmente, realizou Parques e que nestes intres todos os folletos que se realizan sobre Ons insiren. Tamén ensinamos un par de folletos con material histórico e etnográfico que realizaron Guías do Parque e que son moi interesantes. **Páx. 2**

HemerONSteca

A finais do mes de marzo volveu a saír o tema do ARI, na súa terceira entrega, e que, curiosamente, na Illa ninguén pediu esas axudas.

Tanto alcalde como veciños deron as súas queixas. Eu aquí traio un artigo que é un berro sobre un derrubo incongruente realizado no ano 2010 e que coido podería ser resarcido coa aplicación do ARI, pero, hai pouco compromiso. **Páx 3**



Guía da fauna terrestre do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia. Vertebrados.

CENTRO DE VISITANTES (VI)

(Suxestións I)

Nesta entrega e antes de comezar a dar as miñas suxestións sobre o Centro de Visitantes de Ons, quixen dar a coñecer ás persoas que se preocuparon en pedir aos diferentes organismos que administraron a Illa, que se creara un Museo ou Centro Cultural en Ons onde se expuxeran todos os seus valores culturais. **Páx. 6**



Visitamos a exposición <Ons Soa> de Paula Ballesteros. **Páx. 7**

LIBROS – de - ONS MATERIAIS DIVULGATIVOS DO PARQUE NACIONAL

O Parque Nacional das Illas Atlánticas pon a disposición de todos os que lles interese, o seu material divulgativo en PDF. **Páx. 4**

PRIMEIRO ANIVERSARIO DO MINIXORNAL DIXITAL ONSTOPUS

A idea dun minixornal xa a tiñamos en mente dende hai anos. Recordo na terraza de Juanjo e Malena, na baixada cara a Canexol fronte á praia de Area dos Cans, a infinidade de veces que nos reunimos, acompañados dunhas boas cuncas de tinto, e onde as conversas e paroladas xurdían. Cantas historias, sucesos, contos, lendas,..., temos escoitado alí, porque non só parabamos nós, tamén Chin, Cesáreo, Pepe Gañán, Manoliño Perrenco, Arturo,..., e moitos máis illáns que tamén participaban na conversa. Sen esquecermos das anécdotas que xurdían diariamente e que despois debullabamos, entre humor, ocorrencias e gargalladas.

Sempre comentabamos que había que facer un miniperiódico e contar historias do día a día, ata lle puxeramos nome: "A Voz do Cucorno". Houbo un intre en que case vai, con catro historias que comezaron con aquela de <Illa de Ons, República Independente>, ao que seguiu outra co título <Restablecida a Monarquía na Illa de Ons>, posteriormente outra máis <Isla de Ons, Movimiento Pelágico Abisal> e rematou cunha <Que pasa nesta Illa?>. Parecía que a cousa ía, pero aí quedou freada e, aínda que se intentou seguir, non foi para adiante.

Dende aquela pasaron xa anos e fai pouco, nunha desas comidas cos mozos Camaweis illáns, tamén xurdiu o tema. Despois de pasar a sobremesa contando unha chea de historias, falouse de escribilas e pasalas en fotocopias a todos. Aínda que o intentei e ata levei unha idea para facelo, tampouco callou.

E por fin, o ano pasado por estas datas, coa revista AUNIOS nº 25 xa rematada pero sen poder levala á imprenta por causa do estado de alarma, decidín poñerme a relatar unhas cantas cousas da Illa, co tino de pasar o tempo, nun minixornal dixital. Pero, aos poucos, enganchoume, e animado por moitos lectores, aquí sigo, contando historias de Ons; lendo as ideas, consultas e suxestións que me enviades, algunhas das cales, polo seu interese, insiro no Salgadoiro de Suxestións. Grazas tamén a aqueles que colaborades e recordar que, mentres continúe a lideira, as páxinas de Onstopus están á vosa disposición para narrar cousas da Illa se queredes.

APERTAS A TOD@S



Dende aquí un recordo ao académico e historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández que finou neste mes de marzo. Dende PineirÓns estámolle moi agradecidos por colaborar connosco na revista cultural AUNIOS no seu nº 24, co artigo sobre Portela Pazos "O Deán Salustiano Portela Pazos, historiador de Galicia". O que fora Presidente da Real Academia Galega, non tivo inconveniente en participar na homenaxe a este autor que escribiu o importante traballo "Apuntes para a historia da Illa de Ons". Sen esquecermos que Barreiro Fernández era sobriño dun dos grandes mestres que tivo Ons, D. Joaquín Fernández Cambeiro, que exerceu na Illa nos difíciles anos que van entre 1927 ao 1933, realizando un gran labor académico e cultural en Ons.


ONS ARQUEOLÓXICA

"ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (IV)"

Entramos nunha etapa que vai de 1900 a 1940, onde nas proximidades de Ons ocorren unha serie de naufraxios, abordaxes, encallamentos,... Estes son os principais: <Enmanuel> e <Antonio Trabazo>, 1901, <Rapido> e <María Victoria>1912, <Carmen> 1918, <José Canalejas> 1922, <Unión Pesquera> 1925, <Pepita Sobral> 1928, <Constante> 1930, <Azaña> 1932, <Conde de Venadito> 1936,...

De entre eles falaremos, brevemente, do último, o <Conde de Venadito>.

Foi un cruceiro da Armada española. Transformárono en iate real en 1892. Tivo moitas misións, dende a Guerra de Marrocos ata trasladar os restos de Cristobal Colón. Causou baixa en 1902. Rematou a súa vida en 1936 como albo con fogo real e resultou afundido polos acoirazados <Jaime I> e <Libertad> entre outros. Yago Abilleira comenta en Aunios 25 que a Armada facilitou o posible lugar do naufraxio deste cruceiro.



Arriba: Yate real *Conde de Venadito*.

Abaixo: Acoirazado *Libertad*
Fotos: wikipedia.org



ONS NA MEMORIA

Unha foto da que non sei o ano exacto pero coido que andaríaa por mediados dos 80 s.XX. Atopabámonos no bar de Checho, xa ceáramos e estábamos degustando uns cafés e unhas copas.





Vemos nela ao matrimonio Pepe e Lola, Checho e Pepiño e a familia meca de Juan Búa, que nos deleitaba cunha melodía acompañado da súa guitarra, aínda que Juan moi fino non era tocando, pero facía un bo punto para a troula.

Grandes festas temos pasado en Ons cos mecos como protagonistas. Hai que recoñecer que, cando se xuntaban todos, facían unhas voces fantásticas e a canción de: *<Que le dijo Jesús a Lázaro, alevántate, alevántate,...>*, era coa que comezaban, logo xa non se paraba ata altas horas da madrugada. Que tempos!!!

OS MAPAS DE RUTAS NOS FOLLETOS E LIBROS SOBRE A ILLA DE ONS (IV)


A partir de que Ons fora declarada parte integrante do único Parque Nacional de Galicia e coa aportación que fixo este organismo con novos folletos para o coñecemento e divulgación das calidades deste arquipélago, pechamos esta sección de Mapas con Rutas da Illa de Ons pois, a partir de aquí, co mapa do Parque quedaron especificadas as catro Rutas establecidas na Illa como son a Norte, a Sur, a do Faro e a do Castelo. Mapa que, con algún toque diferenciado, é o utilizado actualmente por navieiras e establecementos illáns.

Destacar, iso si, a saída de folletos concretos e específicos sobre algunha ou varias temáticas feitos polas navieiras e, sobre todo, por Parques. Destacamos: - Os fondos mariños das Illas. - As Illas Atlánticas no tempo con temática histórica e etnográfica. - Os nomes das Illas, interesante itinerario autoguiado. - A xestión das madeiras mortas. ...



Ons: A Sarita a percebeira

Amiga Sarita, só a ti se che ocorre arranxar un alboio para deixar ás túas fillas unha vivenda digna para vivir en Ons. Non te das conta que os políticos que administran a Illa, queren vendela como algo típico, onde os seus habitantes viven de xeito primitivo, case como animais salvaxes, sen a máis mínima calidade de vida, ... Si Sarita si, esas persoas que coñeceron a Illa de Ons hai uns días ¿Que saben eles da vosa vida? Mentres eses niños de papá estudiaban en Santiago, Coruña, Pontevedra, ..., e ata en Madrid; vivían en pisos con luz e auga quente, ..., gozaban da movida, saían de copas, ..., ti, e os rapaces da túa quinta, tiñades que pasar horas e horas nas veigas espantando aos corvos para que non vos comeran o millo. Cando, aburridos, vos mirabades e o chamabades para xogar e parolar, nin tan sequera podíades achegarvos, pois había que ir a coller argazo, marullo, axudar no campo, ..., ou ir ao mar como neno de bordo, pois con 12 anos xa case tiñan que soste á familia. Ti, baixinha como es, tes que explicarlle que os teus ósos non puideron medrar como os das nais dos que agora os tiran a casa, pois para bañar aos teus fillos, tiñas que ir á fonte do Castelo e vir cargada con máis de 25 litros de auga na cabeza tres veces ao día como mínimo. Sen embargo eles gozaron na súa





DIARIO DE PONTEVEDRA

casa de auga corrente, fría e quente. Para facer as túas necesidades, como a maioría dos da Illa, tiñas que ir ás cortes, sen embargo eles, de cu fino, tiñan o seu váter ben limpo, que para iso estaba á criada. A quen lle vas contar como tés chegado do mar, empapada de arriba abaixo, con golpes por todos os lados e ás veces sangrando porque aquela onda te zapateou contra as rochas, ..., para logo vender os percebes case regalados para que eles os comeran. Pero si, Sarita, ante todo, fuches unha grande persoa, exemplar nai, ..., e veciña de Ons que, o pouco que che pagaban por deixar a túa vida nas rochas, íalo aforrando, para logo verte obrigada a emigrar forzosa-mente a Bueu e darlle vida a esa vila, pois en Ons, daquela, non quixeron poñervos un peirao para os novos barcos, quitáronvos a escola, non vos puxeron nunca médico, ..., e

agora din que vos fostes, que abandonastes todo, ..., ¡Que morro teñen, verdade! E o teu home, cantos naufraxios pasou?. Din que en Ons "o ferro aboia", claro que si, pois homes de ferro, como Manuel, o teu home, sen saber nadar, logrou sobrevivir a moitos naufraxios, tiña que dar de comer á familia. Tal era a súa experiencia, que o director da película "Botón de Ancla" chamouno para facer de naufrago e que o salvaran os cadetes da Escola Naval. Ben Sarita, que lle imos contar a estes políticos, eles nunca traballaron na vida, nin traballarán como ti o fixeches; e agora, ese alboio, sen pasarte en nada, tirárono. Xa ves, nin ti nin as túas fillas, tedes dereito a vivir como unha persoa normal en Ons! A política e os políticos son así. Sarita, pénsao ben antes

Celestino Pardellas de Blas.

○ Grove






MATERIAIS DIVULGATIVOS DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Con moi bo acerto, o Parque Nacional das Illas Atlánticas está sacando en PDF algún dos libros e guías que tiña editados e que considero moi interesantes. Animo aos lectores a que entren na súa páxina web e que baixen ese material que é verdadeiramente excepcional.

https://www.parquenacionalillasatlanticas.com/index.php?option=com_content&view=article&id=169&Itemid=605&lang=es

Aquí uns cantos libros e guías que podemos baixar:

LIBROS – de - ONS



CATEDRAL GASTRONÓMICA DE ONS

Comezamos a nosa andaina gastronómica con peixes que ata hai ben pouco eran escasamente valorados nos mercados e os pescadores, agás para consumo propio, refugaban. É por iso que cando os mariñeiros de Ons os pescaban, sempre tiñan o detalle de gardarnos algún para o noso consumo. Así pasou coas <chamisas>, que vimos no anterior Onstopus, e agora co <peixe porco>.

O <peixe porco> ten unha pel moi dura que, ao igual que a castañeta, hai que quitarlla, segundo como o vaias preparar. Se o vas facer á prancha ou á brasa, non fai falla quitarlla, xa se despega ela soa e, cando estea feito, retírala con facilidade.

Sen embargo, se o vas fritir ou guisar, se non tes experiencia, hai que armarse de paciencia e con moito tino, cun coitelo ben afiado ir cortando e tirando dela, quitándolla sen arrancarlle a carne.

Hoxe o <peixe porco>, grazas ao seu exquisito sabor, está moi valorado e o seu prezo no mercado está, case, á altura do sargo.

Balistes caprisucus

En Ons coñecido como <Peixe Porco> aínda que tamén se lle coñece como: *pez ballesta*, porco, pámpano, castañeta brava, roncón,...

Ten un corpo inconfundible, con cabeza enorme e pel acoirazada. Mandíbulas fortes coas que rompe mexillóns e crustáceos. A espiña da primeira dorsal pode bloquearse mediante un mecanismo similar a un gatillo.

O seu tamaño oscila entre 30 e 60 cm. Anda en bandadas. Posúe 8 dentes incisivos moi fortes.



PEIXE PORCO EN SALSAS VERDE

INGREDIENTES:

- Peixe porco
- Allo, cebola e pemento verde e vermello
- Fariña
- Caldo de pescado
- Viño, sal
- Abundante pirixel

PREPARACIÓN:

- Sofritir o allo, a cebola e os pementos
- Botar unha cullerada de fariña e revolver ben
- Despois abundante pirixel e remexer para mesturar ingredientes
- Logo un vaso de viño branco e sal ao gusto
- Cando perda o alcol engadirlle o caldo de peixe
- Botar o peixe e deixar que se faga.
- De quere-lo con patacas, facelas aparte e logo bótaselle o prebe.

FINALISTA EN 13 CATEGORÍAS



MELLOR LONGAMETRAXE

MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA PROTAGONISTA Melania Cruz	MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA PROTAGONISTA Antonio Durán 'Morris'	MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA DE REPARTO Marta Lado	MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA DE REPARTO Xulio Abonjo
MELLOR DIRECCIÓN Alfonso Zarauza	MELLOR GUION Alfonso Zarauza Jaione Camborda	MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA Alberte Branco AEC	MELLOR DIRECCIÓN DE ARTE Elia Robles
MELLOR DIRECCIÓN DE PRODUCCIÓN Tamara Soto	MELLOR VESTUARIO Alicia e Lola Depena (Saturna)	MELLOR SON Sérgio Silva David Machado	MELLOR MONTAÑE Fernando Alfonsín

ONS

Un filme de ALFONSO ZARAUZA



A PELÍCULA “ONS” DE ALFONSO ZARAUZA OPTA A VARIOS PREMIOS NOS MESTRE MATEO

Xunto a ela tamén está a película rodada na Illa de Sálvora de título: “A Illa das Mentiras” que tamén opta a varios premios. Entre eles están:

Nomeamento	Ons	Illa das Mentiras
Mellor Director	Zarauza	Paula Cons
Mellor Interpreta. Feminina	Melania Cruz	Nerea Barros
Mellor Interpreta. Masculina	A. Durán Morris	Dario Grandinetti
Mellor Inter. Femini. Reparto	Marta Lado	Victoria Teijeiro
Mellor Inter. Mascul. Reparto	Xulio Abonjo	Milo Taboada
Mellor Guión	Jaione Camborda y Alfonso Zarauza	Paula Cons

A ver que pasa; dende logo as opinións sobre as dúas películas están moi divididas e case poderíamos asegurar que extremas. Miraremos o que opinan os que entenden. A gala celebrarase o día 10 de abril na Coruña. Destacar que o deputado de cultura da Deputación da Coruña, resaltou que o sector audiovisual galego está poñendo a Galicia, *Ons*, no mapa mundial. Dicir que para a mellor película tamén están nomeadas: “Arima” e “Lúa Vermella”.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con respecto ao Onstopus nº 25, sobre o debuxo-mapa da Illa de Ons que engadimos no folleto que realizamos Miguel Besada e máis eu, un lector comentou: "... o debuxo está moi logrado e mostra os lugares de interese máis representativos de Ons. Pero o que máis me chamou a atención é que, facéndoo no ano 1993, non estivera nomeada no debuxo a acampada de Melide e que a parella que está na praia estivera con traxe de baño, sendo nese ano unha praia nudista na súa totalidade."

Estimado Lector: Sería moi longo de explicar, para o espazo que lle dedico ao Salgadoiro (quizais algún día o faga na revista AUNIOS polo interese e as consecuencias que tivo para o campismo), pero a realidade foi que tanto nos textos como no debuxo, si contemplaba a zona de acampada de Melide e a particularidade de ser unha praia nudista. Tamén ía nomeada a acampada no debuxo e a parella, notábase, que estaba espida. Pero, cando entregamos o primeiro bosquejo, entre outras cousas, o técnico responsable da administración díxonos: “quitar o da acampada de Melide, en pouco vai desaparecer, e vestir aos nudistas”. Causa que fixemos, se queriamos continuar co encargo.

Máis adiante, xa rematado o folleto, mantivemos unha interesante conversa con ese técnico, onde nos comunicou os motivos e os plans de futuro inmediato que tiñan para esa zona, cousa que, naquel intre, deixoume abraiado, mostrándolle o meu escepticismo sobre se conseguirían o que estaba a dicir. O insólito e sorprendente foi que, en tres anos, o conseguiron.



Hoxe, en Melide, máis téxtiles que nudistas.



Un dos espazos exteriores do Centro de Visitantes (antigo patio de recreo) onde estaba exposta a dorna. Hoxe, 2020, moi descoidada. Non hai ideas para o seu aproveitamento cultural e didáctico?

Con respecto a Onstopus nº 26. Sobre o Centro de Visitantes (V) <Aula escolar>

Un lector comenta: "... quero dicirlle que a recreación dunha escola do século pasado que hai na antiga escola de Ons, segundo me afirmaron os responsables desa exposición, é unha das salas máis valoradas polos visitantes. ..."

Estimado seguidor de Onstopus: Respecto a súa suxestión, pero, que nun Centro de Visitantes dunha Illa pertencente a un Parque Nacional, cunhas características tan importantes no campo da historia, etnografía, arqueoloxía, fauna, flora,..., o que máis se valore é a recreación dunha aula que nada ten que ver coa realidade escolar que se viviu en Ons, para min, pode dar a entender o baixo nivel do material exposto nese Centro sobre as interesantísimas peculiaridades da Illa onde está radicado.

Outra cousa é que esa recreación chame a atención e sexa curiosa e a moitas persoas de certa idade lles traia recordos, pero de aí a que sexa o máis valorado do Centro, é grave.

De ser así, eu propoñería outra sala dedicada, por exemplo, a unha exposición sobre dinosauros, outra dedicada ao traxe galego, outra, ..., e ata se me apuras, un inchable para os rapaces na parte exterior; estou seguro que ían a ter un éxito tremendo, pero, que pintan nun Centro de Visitantes dunha Illa cunha Comunidade que posúe un mundo natural moi valioso e unha Cultura Popular tan sorprendente que necesita que se mostre, para salvagardala, valorala, fomentar a investigación,..., e dala a coñecer co fin de defendela e protexela.

Por iso, ao igual que opina moita xente, seguirei reivindicando o seu traslado para outro lugar galego onde si poida representar a súa realidade escolar de antano, pero en Ons, NON. **Páx 5**

CENTRO DE VISITANTES (VI)

(Suxestións I)

Antes de comezar esta subsección do Centro de Visitantes de Ons, coido que é sensato nomear aos primeiros que viron a necesidade da creación dun Museo ou Centro Cultural na Illa a medida que esta ía perdendo, por obra e graza da administración, á súa poboación e con ela a súa rica Cultura Popular nacida dunha mestura entre os diferentes lugares de orixe dos poboadores que viñeron a partires do ano 1810 ao que temos que sumar o seu illamento xeográfico e institucional que sufriron durante 210 anos.

Por unha orde cronolóxica a primeira en citar sería Ana Liste que chegou a Ons a mediados dos 70 s.XX, conviviu durante un ano cunha familia auniense coñecendo de primeira man, non só as dificultades de hábitat nunha vivenda familiar en Ons, senón todo o relacionado co seu día a día.

Levou varias loitas contra as inxustizas que atopou, comprobou como a administración os deixaba de lado,..., intentou crear unha cooperativa para que o campo non quedara a monte e sacarlle máis proveito,..., e deu as primeiras ideas para que, algunha das casas que quedaban deshabitadas, a administración, chegando a un acordo económico xusto cos donos, podela dedicar a Museo etnográfico de Ons.

Por diferentes motivos Ana deixou a Illa e colleu a testemuña desa reivindicación Fernando Alonso Romero e a súa dona María Castroviejo Bolivar. Despois duns anos de investigación histórica e etnográfica na Illa, Fernando comproba como o mundo cultural de Ons perdíase a grandes pasos e intentou a súa recuperación, xunto con persoas vinculadas ao mundo cultural en diferentes eidos, intentado levar adiante un Proxecto de estudo sobre o pasado e presente da Illa e o seu plan de futuro. Nese Proxecto contemplábase a creación dun Museo en Ons e foi o primeiro en poñer dúas radicacións: a casa onde vivira Ana Liste ou as escolas que xa non tiñan alumnos no inverno.

O seguinte, uns anos máis tarde, foi o arquitecto pontevedrés Fernando Martínez Sarandeses, todo un ecoloxista comprometido con Galicia e que tamén veu a mediados dos 80 s.XX a necesidade de buscar unha solución para a Illa de Ons que os políticos non buscaban, quen sabe con que fins a medio e largo prazo (agora sabémolo ou intuímolo). Sarandeses, ao igual que Alonso Romero, reuniu a un bo número de persoas de diferentes profesións e vinculadas dalgún xeito con Ons (eu tiveron a sorte de ser chamado a esa reunión) e intentar realizar, cada un na súa especialidade, un traballo de recuperación dos valores culturais da Illa, ideas entre as que estaba, a posta en funcionamento dun Centro Cultural museístico onde expoñer a vida en Ons a través do tempo.

Todas esas iniciativas, por unhas causas ou outras, foron quedando no camiño e só os grupos de acción A Peneira e Amigos da Illa de Ons, que despois uníronse en PineirÓns, seguiron con ese desafío de conseguir que o mundo cultural de Ons se estude, se valore,..., e se protexa e para iso, xunto a outras suxestións, estaba a creación dun Museo ou Espazo Cultural en Ons que servira para que esa Cultura, no máis amplo da palabra, non quedara no esquecemento, senón máis ben ao contrario, se investigara, se ampliara,..., se protexera.



Foto esquerda: Fotografía recente de Ana Liste. **Foto Centro:** Fotografía recente de Fernando Alonso Romero. **Foto Dereita:** A asociación cultural PineirÓns, inaugurando a Exposición de Imaxes de Tino Pardellas nunha aula das escolas de Ons (2008). No Centro da foto o Director do Parque, José A. Fernández Bouzas, que pechou o acto e anunciou a próxima creación, nese espazo das escolas, do futuro Centro de Visitantes.



Ons Soa

O día 25 de marzo tivo lugar no Museo do Pobo Galego, a carón de poder observar a Exposicións “Ons Soa” de fotografía de Paula Ballesteros Arias que fora inaugurada uns días antes, un coloquio ou mesa redonda sobre Ons, tendo como protagonistas a Paula Ballesteros, Alfonso Zarauza e Roberto Castiñeiras e, posteriormente, a visualización da película “Ons”.

Eu fun invitado polos responsables do Museo e, aproveitando tan interesante programa, acheguei-me ata Santiago para entregar na imprenta a revista cultural AUNIOS nº 26, e logo asistir ao evento. A exposición fotográfica era concreta e específica ao tempo en que Paula realizou o seu magnífico traballo antropolóxico en Ons. Sobre ela apunta a autora: *“Plantexaina coma un relato autoetnográfico que resume as miñas inquietudes e impresións sobre o patrimonio cultural da illa, a partir de diversos materiais procedentes da miña investigación realizada no Incipit, xunto con materiais propios. Unha mostra práctica e sensorial de antropoloxía visual. Un achegamento a illa de Ons dende a miña experiencia”*. Dende logo interesante, con fotos moi naturais que, debido ao tamaño, adquiren unha gran dimensión visual e antropolóxica.

A charla posterior foi interesantísima, quizais non polo carácter científico que podería ter pola experiencia e profesionalidade dos interlocutores, senón polo tema principal tratado que versou sobre “A problemática social e humana que sofre Ons dende os anos 60 s. XX”. O interese estivo centrado, segundo o meu punto de vista, en que Ons, ao igual que as demais illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas, como mínimo, teñen un valor natural indiscutible, pero, sen embargo, a súa importancia socio-histórico-arqueolóxica e etnográfico-antropolóxica, está ao seu nivel, senón o supera con moito e, sen embargo, os encargados de xestionar o Parque en xeral e a Illa de Ons en particular, deixan de lado esa característica e gastan todos os seus esforzos humanos e económicos na parte natural e ecolóxico-medioambiental.

Sobre a película “Ons” vou a tomarme un tempo para facer o meu comentario sobre ela, pois coido, que necesito vela outra vez máis, sobre todo, para escoitar ben os diálogos que ese día, por diferentes razóns, non fun quen de collelos ben, o que provoca unha falla de interpretación grande do fío da película. Por iso, deixareino para outro intre. De todos os xeitos, foi unha tarde noite interesante por todo o que deu de si a unha persoa moi vinculada coa Illa de Ons, 46 anos ás miñas costas.



Foto arriba: Alfonso Zarauza e Paula Ballesteros vendo a exposición.

Foto medio: Vídeo sobre o traballo de Paula na Illa de Ons.

Foto abaixo: Os interlocutores coa moderadora.

ÚLTIMA HORA XACEMENTO ROMANO DE CANEXOL

Cando estaba dándolle remate a este número de Onstopus, dende Parques recibimos a nova de que o GEAAT (Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo, vai realizar unha intervención arqueolóxica de limpeza, rexistro e sondaxes na factoría romana de Canexol que, recordemos, deu con ela nos anos 70 s. XX, Fernando Alonso Romero e no ano 2009 foi estudada por Paula Ballesteros Arias.

Esta Semana Santa, podemos comprobar que este xacemento está nun estado lamentable, con importantes derrubes ao seu carón e, senón se toman medidas urxentes, perderase un importante vestixio arqueolóxico na Illa de Ons e no Parque Nacional en xeral.



Fotos da noticia

Podemos observar o deterioro que este xacemento sofre (S. Santa 2021). Pineiróns leva pedindo a busca dunha solución dende hai máis de 8 anos.